

unicamente dependente da concentración na maioría dos métodos correntes de análise.

d) Cálculo da taxa de recuperación e expresión dos resultados.

O resultado analítico expresarase de forma corrixida ou sen corrixir en función da recuperación. Deberase indicar a forma de expresión e a taxa de recuperación.

O resultado analítico corrixido en función da recuperación utilizarase para a conformidade do lote, segundo o punto 5 do anexo I.

O resultado analítico expresarase como $x \pm U$, sendo x o resultado analítico e U a incerteza de medición.

e) Normas de calidade aplicables aos laboratorios.

Os laboratorios deberanse axustar ao regulado no Real decreto 1397/1995, do 4 de agosto, polo que se aproban medidas adicionais sobre o control oficial dos produtos alimenticios.

MINISTERIO DE ECONOMÍA

6404 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións. («BOE» 88, do 12-4-2004.)*

Advertidos erros no Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 4, do 1 de marzo de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 977, primeira columna, artigo 9.3.d), debe desaparecer o inciso «e se lle recoñeza o dereito á prestación por desemprego na súa modalidade asistencial».

Na páxina 1013, segunda columna, artigo 95.5, a redacción debe ser substituída pola seguinte:

«5. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá, se é o caso, acordar motivadamente o inicio dos procedementos de medidas de intervención administrativa regulados no capítulo IX do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.»

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

6426 *REAL DECRETO 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras. («BOE» 89, do 13-4-2004.)*

A necesidade de rexistrar as explotacións gandeiras, como instrumento da política en materia de sanidade animal e de ordenación sectorial gandeira, vén sendo recollida na lexislación nacional e comunitaria tanto de

carácter horizontal como sectorial. Así, a Directiva 92/102/CEE do Consello, do 27 de novembro de 1992, relativa á identificación e ao rexistro de animais, incorporada ao ordenamento xurídico español polo Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro das especies bovina, porcina, ovina e caprina, cita no seu artigo 3 a obriga de dispor de listas actualizadas das explotacións das ditas especies, onde se conteñan os seus datos básicos.

Pola súa parte, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece, no punto 1 do seu artigo 38, que todas as explotacións de animais deben estar rexistradas na comunidade autónoma en que radiquen e os datos básicos destes rexistros serán incluídos nun rexistro nacional de carácter informativo. O Estado considerou, por tanto, indispensable a creación dun rexistro no que se recollan os datos básicos de todas as explotacións gandeiras situadas en España e, de acordo coa súa competencia de coordinación, o rexistro dos ditos datos polas comunidades autónomas.

O obxecto principal deste real decreto é desenvolver regulamentariamente a dita lei, para establecer e regular o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA), que aproveita a experiencia adquirida polos sistemas de identificación e rexistro de bovinos (SIMOGAN) e porcinos (SIMOPORC), regulados polo Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, e polo Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, desenvolvidos pola Orde do 21 de decembro de 1999, pola que se crea a Mesa de coordinación de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e se regula unha base de datos informatizada, e a Orde APA/3164/2002, do 11 de decembro, pola que se establece e regula a base de datos informatizada do Sistema nacional de identificación e rexistro de movemento dos porcinos (SIMOPORC). Por outro lado, este real decreto ten tamén en conta as novas exixencias en materia de rexistro da normativa xa en vigor ou en preparación para o resto das especies de interese en gandería.

Ademais de establecer a estrutura e contidos básicos do Rexistro xeral de explotacións gandeiras, este real decreto establece as obrigas dos titulares das explotacións en relación cos rexistros das autoridades competentes das comunidades autónomas, o código de identificación que estas deben asignar a cada explotación, así como a relación dos ditos rexistros co Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

Por outro lado, é necesario establecer un órgano de coordinación coas comunidades autónomas que substitúa a Mesa de coordinación de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, establecida ao amparo da disposición adicional segunda do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, e desenvolvida mediante a Orde do 21 de decembro de 1999, de maneira que o ámbito do novo órgano comprenda todas as especies animais de interese gandeiro.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de marzo de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer e regular o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA, en diante), así como os datos necesarios para levar a cabo as inscricións neste e a caracterización do código de identificación de cada explotación, de acordo co previsto no artigo 38.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

2. Aplicarase aos animais de produción tal e como se definen no artigo 3.2 da Lei 8/2003, do 24 de abril, e, en particular, aos pertencentes ás especies mencionadas no anexo I deste real decreto. Non se aplicará aos animais de compañía, aos animais domésticos, nin á fauna silvestre, tal e como se definen nos puntos 3, 4 e 5, respectivamente, do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril. As disposicións normativas específicas de cada sector poderán establecer, así mesmo, excepcións no rexistro das explotacións sen fins lucrativos.

3. Este real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as seguintes definicións:

a) Explotación: calquera instalación, construción ou, no caso da cría ao aire libre, calquera lugar en que se teñan, críen ou manexen ou se expoñan ao público animais de produción, tal e como se definen no artigo 3.2 da Lei 8/2003, do 24 de abril, con ou sen fins lucrativos. Para estes efectos, entenderanse incluídos os núcleos zoolóxicos, os matadoiros e outros lugares en que se realice o sacrificio de animais, os centros en que se leven a cabo espectáculos taurinos, as instalacións dos operadores comerciais e os centros de concentración.

b) Titular de explotación: calquera persoa física ou xurídica propietaria ou responsable dos animais, incluso con carácter temporal.

c) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.

Artigo 3. *Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA).*

1. O Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA), adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, incluírá os datos que constan nos rexistros xestionados polos órganos competentes das comunidades autónomas.

2. O REGA terá carácter público e informativo e constituirase nunha base de datos informatizada.

3. As comunidades autónomas inscribirán nun rexistro as explotacións que se sitúen no seu ámbito territorial, ao menos cos datos que se sinalan no anexo II, clasificadas segundo os tipos de explotación establecidos no anexo III, sen prexuízo das disposicións normativas específicas de cada sector, asignando a cada explotación un código de identificación de explotación, de acordo co establecido no artigo 5.

4. As comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Gandaría os datos referidos no citado anexo II que consten nos seus rexistros, para os efectos da súa inclusión no REGA.

5. Así mesmo, formará parte do REGA a información non contida no anexo II que se inclúe en:

a) As bases de datos establecidas, para os bóvidos, polo artigo 12 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro para os animais da especie bovina,

e, para o porcino, polo artigo 12.1.B e C do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, desenvolvidas, respectivamente, pola Orde do 21 de decembro de 1999 e a Orde APA/3164/2002, do 11 de decembro.

b) Os rexistros establecidos polo artigo 7 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas, polo artigo 6 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, e polo artigo 3 do Real decreto 372/2003, do 28 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras.

6. Para efectos do establecido nos puntos 3, 4 e 5, os rexistros das comunidades autónomas estarán informatizados e o seu sistema de xestión permitirá, en todo caso, que as altas, baixas e modificacións que neles se realicen teñan reflexo inmediato no REGA. As comunidades autónomas terán acceso informático ao REGA para a información que lles compete, sen prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección dos datos de carácter persoal.

7. Naqueles casos en que se interrompa a actividade das explotacións durante un período dun ano, procederase a considerar a explotación como inactiva. Se transcorren máis de dous anos desde a consideración de inactividade sen que a explotación reinicie novamente a súa actividade, procederase a dala de baixa no rexistro correspondente, salvo causa de forza maior, logo do correspondente procedemento no que se dará audiencia ao interesado.

8. Unha vez obtidos todos os permisos, autorizacións ou licenzas exixibles pola normativa vixente, ningunha nova explotación poderá iniciar a súa actividade sen estar rexistrada e ter recibido o correspondente código de identificación.

Artigo 4. *Obrigas dos titulares de explotación.*

1. O titular de explotación deberá facilitar ás autoridades competentes, antes do comezo da súa actividade, ao menos os datos necesarios para o rexistro que figuren no anexo IV.

2. O titular de explotación deberá comunicar os cambios nos datos consignados no rexistro á autoridade competente no prazo que esta determine, que non poderá exceder un mes desde que se produzan.

3. Os datos sobre os censos das explotacións comunicaranse á autoridade competente polo menos unha vez ao ano. A este respecto, o censo comunicarse antes do 1 de marzo de cada ano, indicándose o censo medio do ano anterior ou o censo que se estableza nas disposicións normativas específicas de cada sector, na forma que determine a autoridade competente. Sen prexuízo do anterior, a autoridade competente poderá actualizar o censo das explotacións, con motivo das actuacións administrativas que leve a cabo nestas.

Artigo 5. *Asignación do código de identificación a cada explotación.*

As autoridades competentes das comunidades autónomas procederán a asignar a cada explotación un código de identificación que garanta a súa identificación de forma única. A estrutura do dito código será:

- a) «ES» que identifica España.
- b) Dous díxitos que identifican a provincia, segundo a codificación do Instituto Nacional de Estatística.
- c) Tres díxitos que identifican o municipio, segundo a codificación do Instituto Nacional de Estatística.
- d) Sete díxitos que identifican a explotación dentro do municipio de forma única.

Artigo 6. *Inscripción no rexistro.*

Unha vez recibidos no rexistro establecido para o efecto en cada comunidade autónoma os datos completos de calquera explotación, procederáse a realizar, se así corresponde de acordo co establecido no artigo 3.8, a asignación do código de identificación de explotación, a comunicación ao seu titular, a inscrición no rexistro e a modificación, suspensión ou extinción da dita inscrición cando corresponda.

Artigo 7. *Controis.*

As autoridades competentes levarán a cabo os controis necesarios, administrativos e sobre o terreo para garantir o cumprimento deste real decreto.

Artigo 8. *Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro.*

1. Constitúese o Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro como órgano Colexiado, adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. O comité estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidente: o subdirector xeral de Ordenación de Explotacións da Dirección Xeral de Gandaría.

b) Vicepresidente: o subdirector xeral adxunto de Ordenación de Explotacións.

c) Vogais: un representante de cada comunidade autónoma que acorde integrarse neste órgano, o subdirector xeral de Sanidade Animal, o subdirector xeral de Vacún e Ovino, o subdirector xeral de Porcino, Avicultura e outras producións gandeiras, o subdirector xeral de Alimentación Animal e Zootecnia, o subdirector xeral de Informática e Comunicacions do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o subdirector xeral de Intervención de Mercados e Xestión da Taxa Suplementaria da Cota Láctea do Fondo Español de Garantía Agraria.

d) Secretario: un funcionario que ocupe, polo menos, o posto de xefe de sección na relación de postos de traballo da Subdirección Xeral de Ordenación de Explotacións, designado polo seu titular.

3. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente.

4. O comité poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento. En todo o non previsto nestas, aplicarase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O comité reunirse mediante convocatoria do seu presidente ou por solicitude de calquera dos seus membros, e como mínimo unha vez ao trimestre.

5. Son funcións do Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro:

a) Propor as medidas necesarias que aseguren o funcionamento coordinado dos sistemas de identificación e rexistro das especies de interese gandeiro en todo o territorio nacional.

b) Efectuar as tarefas de estudo e asesoramento que se precisen para adaptar a normativa nacional sobre identificación e rexistro ás necesidades que se susciten.

c) Acordar a constitución de grupos de traballo específicos.

6. Os gastos en concepto de indemnizacións por realización de servizos, axudas de custo e desprazamentos que se orixinen pola participación en reunións dos integrantes do comité serán por conta das súas respectivas administracións.

Artigo 9. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable de acordo co establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. *Recursos humanos e materiais.*

O funcionamento do Rexistro xeral de explotacións gandeiras e do Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro será atendido cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional segunda. *Explotacións cuxos titulares son os ministerios de Defensa e do Interior e os seus organismos públicos.*

No que respecta ás explotacións cuxos titulares sexan os ministerios de Defensa e do Interior ou os seus organismos públicos, as disposicións deste real decreto aplicaranse exclusivamente mediante a comunicación entre os ditos ministerios e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de cantos datos sexan relevantes para os efectos deste real decreto, podendo establecer os instrumentos que en cada momento se consideren oportunos.

Disposición adicional terceira. *Referencia á normativa derogada.*

As referencias que se conteñan na normativa vixente aos preceptos sinalados na disposición derogatoria única entenderanse referidas a este real decreto. En concreto, as referencias á Mesa de coordinación de identificación e rexistro dos animais da especie bovina entenderanse referidas ao Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro.

Disposición transitoria única. *Explotacións en funcionamento.*

1. Os titulares de explotacións que xa estivesen en funcionamento antes da entrada en vigor deste real decreto e que non se encontren inscritas nos rexistros das comunidades autónomas, así como os de explotacións en cuxo rexistro vixente non se inclúan todos os datos consignados no anexo IV ou sufrisen modificacións respecto aos rexistrados, deberán facilitar ás autoridades competentes os datos actualizados necesarios para a súa correcta inscrición no rexistro no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, sen prexuízo de que as comunidades autónomas poidan establecer outro prazo inferior.

2. A autoridade competente procederá, se é o caso, á correspondente inscrición no rexistro e á súa notificación aos interesados, co código de identificación asignado a cada explotación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada calquera outra disposición, de igual ou inferior rango, en todo aquilo que se opoña a este real decreto, e en particular:

a) O artigo 3 do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina.

b) A disposición adicional segunda do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.

c) Os artigos 1 ao 5, ambos inclusive, da Orde do 21 de decembro de 1999, pola que se crea a Mesa de coordinación de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e se regula unha base de datos informatizada.

d) O punto 6 do artigo 7 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao amparo do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies porcina, ovina e caprina.*

O Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies porcina, ovina e caprina, queda modificado como segue:

Un. O artigo 7 terá a seguinte redacción:

«Artigo 7. *Identificación dos animais da especie porcina.*

Todos os animais da especie porcina deberán ser marcados o antes posible e, en calquera caso, antes de saíren da explotación cunha marca, consistente nun pendente auricular ou unha tatuaxe segundo o que estableza a autoridade competente, de similares características ás descritas no anexo V. A dita marca determinará a explotación da que proceden os animais e consistirá, como mínimo, na secuencia de letras e números seguinte:

a) Un máximo de tres díxitos correspondentes ao número do municipio, de acordo coa codificación INE.

b) As siglas da provincia de acordo co anexo I deste real decreto.

c) Un máximo de sete díxitos que identifiquen, de forma única, a explotación dentro do municipio.

No caso dos animais destinados a intercambios, a marca completárase coa indicación "ES" ao comezo da secuencia de letras e números.»

Dous. O punto 1 do artigo 8 queda redactado como segue:

«1. Os titulares ou posuidores de animais das especies ovina e caprina deberanos identificar cunha marca, consistente nun pendente auricular ou unha tatuaxe de acordo co que determine a auto-

ridade competente, o antes posible e, en todo caso, antes de abandonaren a explotación ou de cumpriren 12 meses, salvo se pariron antes desa idade ou se foron sometidos a campañas oficiais de saneamento gandeiro, caso en que se identificarán nese momento. A marca, de similares características ás previstas no anexo VI, consistirá, como mínimo, na secuencia de letras e números seguinte:

a) Un máximo de tres díxitos correspondentes ao número do municipio, de acordo coa codificación INE.

b) As siglas da provincia de acordo co anexo I deste real decreto.

c) Un máximo de sete díxitos que identifiquen, de forma única, a explotación dentro do municipio.

No caso dos animais destinados a intercambios, a marca completárase coa indicación "ES" ao comezo da secuencia de letras e números.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 372/2003, do 28 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras.*

O parágrafo b) do artigo 2 do Real decreto 372/2003, do 28 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras, queda modificado como segue:

«b) Establecementos: todos os lugares de produción nos que se localicen galiñas poñedoras con fins comerciais, excepto os destinados exclusivamente á cría de galiñas poñedoras reprodutoras.»

Disposición derradeira cuarta. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas atribucións, as disposicións e medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto e, en particular, para aprobar, mediante orde, a proposta do comité establecido no artigo 8, os protocolos de carácter técnico que aseguren a coordinación e o funcionamento da base de datos informatizada, que servirá de soporte ao REGA, no conxunto do Estado.

2. Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar mediante orde ministerial os anexos deste real decreto por motivos urxentes relacionados coa sanidade animal ou para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I**Especies e grupos de especies de animais de produción a que se refire o artigo 1.2**

Bóvidos: incluíndo os vacúns, búfalos e bisontes.
Porcino: porco.

Ovino.
 Caprino.
 Equidos: incluíndo os cabalos, asnos, mulas e cebras.
 Aves de curral:

Galiñas.
 Pavos.
 Galiñas da Guinea.
 Parrulos.
 Ocas.
 Paspallás.
 Pombas.
 Faisáns.
 Perdices.
 Aves corredoras (Ratites).

Cunicultura:

Coellos.
 Lebres.

Apicultura: abellas.
 Especies peleteiras:

Visón.
 Raposo vermello.
 Lontra.
 Chinchilla.

Especies cinexéticas de caza maior criadas, mantidas ou cebadas como animais de produción:

Corzos.
 Cervos.
 Gamos.
 Xabarís.

Outras.

ANEXO II

Datos mínimos que conterá o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA)

A. Relativos ao conxunto da explotación.

1. Código de identificación da explotación asignado pola autoridade competente de acordo co artigo 5.

2. Datos do titular da explotación: apelidos e nome ou razón social, número ou código de identificación fiscal (NIF ou CIF), enderezo, código postal, municipio, provincia e teléfono.

3. Datos doutros titulares relacionados coa explotación: apelidos e nome ou razón social, NIF ou CIF e relación coa explotación.

4. Datos dos responsables sanitarios da explotación.

5. Tipo de explotación de que se trate segundo a clasificación establecida no anexo III.

B. Relativos a cada unha das especies recollidas no anexo I.

1. Especie.

2. Datos da localización principal onde se cría cada especie: enderezo, código postal, municipio e provincia.

3. Coordenadas xeográficas da localización principal e da localización ou localizacións secundarias onde se cría cada especie, coa excepción das especies apícolas: lonxitude e latitude.

4. Estado no rexistro (alta, inactiva ou baixa).

5. Código local.

6. Clasificación zootécnica.

7. Indicación de se se trata de autoconsumo ou non.

8. Clasificación segundo o sistema produtivo: intensivo, extensivo ou mixto.

9. Clasificación segundo criterios de sustentabilidade ou autocontrol: explotacións ecolóxicas, integradas ou convencionais.

10. Clasificación segundo a capacidade produtiva.

11. Clasificación segundo a forma de cría: produción ecolóxica, campeira, no chan ou en gaiolas.

12. Censo e data de actualización.

13. Cando proceda, datos da integradora comercial a que pertenza, indicando denominación ou razón social, CIF, enderezo, código postal, municipio, provincia, teléfono e data de baixa.

14. Cando proceda, código identificativo, razón social, enderezo, código postal, municipio e provincia da agrupación de defensa sanitaria.

15. Capacidade máxima.

16. Cando proceda, código identificativo, apelidos e nome, NIF e teléfono dos veterinarios autorizados ou habilitados.

17. Cando proceda, información sobre os controis, a cualificación sanitaria, vacinacións e tratamentos que afecten a especie considerada.

18. Cando proceda, información sobre as inspeccións realizadas en materia de identificación e rexistro, sanidade e benestar animal.

19. Información sanitaria relativa ás restricións de entrada e saída que afecten a especie considerada dentro da explotación, con indicación das súas causas.

A información dos puntos 5, 6, 8, 9, 10, 11, 15, 17 e 18 recollerase sempre que proceda, de acordo coas disposicións normativas aplicables de carácter sectorial e/ou sanitario.

ANEXO III

Clasificación dos tipos de explotación

1. Explotacións gandeiras de produción e reprodución: aquelas que manteñen e crían animais, ben co obxecto de obter un fin lucrativo das súas producións (incluíndo os animais selectos, seme ou embrións), ben para o seu destino ao consumo familiar. Así mesmo, inclúranse neste tipo as explotacións que non pertencen a ningún dos recollidos no punto 2.

2. Explotacións gandeiras especiais.

2.1 Explotacións de tratantes ou operadores comerciais: aquelas pertencentes a calquera persoa física ou xurídica rexistrada na actividade, dedicada directa ou indirectamente á compra e venda de animais con fins comerciais inmediatos, que ten unha cifra de negocio regular cos ditos animais e que, nun prazo máximo de 30 días despois de adquirir os animais, os vende ou os traslada das primeiras instalacións a outras que non lle pertencen.

2.2 Centros de concentración de animais: tal e como se definen no artigo 3.7 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

2.3 Explotacións de ocio, ensino e investigación: instalacións nas que se manteñen, con carácter permanente, animais con finalidades de espaxamento ou didácticas, incluíndo os centros nos que se manteñen animais das especies mencionadas no anexo I para experimentación científica.

2.4 Matadoiros: establecementos de sacrificio de animais conforme o establecido nos reais decretos 147/1993, do 29 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas, 2087/1994, do 20 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas de aves de curral, e 1543/1994, do 8 de xullo, polo que se establecen os requisitos sanitarios e de policía sanitaria aplicables á produción e comercialización de carne de coello domésticos e de caza de granxa.

2.5 Prazas de touros: aqueles edificios ou recintos específica ou preferentemente construídos para a celebración de espectáculos taurinos.

2.6 Centros de inspección: tal e como se definen no punto 25 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

2.7 Centros de corentena: tal e como se definen no punto 26 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

2.8 Puntos de parada: tal e como se definen no Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o transporte.

2.9 Pasteiros: aquelas explotacións que albergan gando de forma permanente ou ocasional para o aproveitamento mediante pastoreo das producións vexetais naturais ou sementadas do terreo.

2.10 Centros de sacrificio domiciliario: aqueles centros establecidos pola autoridade competente onde se sacrifican porcinos para autoconsumo.

ANEXO IV

Datos mínimos que o titular da explotación deberá facilitar ás autoridades competentes

a) Datos mínimos que deberán facilitarse no caso das explotacións clasificadas, segundo o anexo III, conforme os tipos seguintes:

1. Explotacións gandeiras de produción e reprodución.
 - 2.1 Explotacións de tratantes ou operadores comerciais.
 - 2.2 Centros de concentración de animais.
 - 2.3 Explotacións de ocio, ensino e investigación.
 - 2.9 Pasteiros.

Para estes tipos de explotacións, o seu titular deberá facilitar os datos indicados no punto A. 2, 3 e 5 do anexo II e no punto B.1, 2 e 7 a 14 do anexo II.

b) Datos mínimos que deberán facilitarse no caso das explotacións clasificadas, segundo o anexo III, conforme os tipos seguintes:

- 2.4 Matadoiros.
- 2.5 Prazas de touros.
- 2.6 Centros de inspección.
- 2.7 Centros de corentena.
- 2.8 Puntos de parada.
- 2.10 Centros de sacrificio domiciliario.

Para estes tipos de explotacións, o seu titular deberá facilitar os datos indicados no punto A.2, 3 e 5 do anexo II e no punto B.1 e 2 do anexo II.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6427 *ORDE PRE/935/2004, do 6 de abril, pola que se modifican os anexos II dos reais decretos 280/1994, do 18 de febreiro, e 569/1990, do 27 de abril, polos que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal e animal. («BOE» 89, do 13-4-2004.)*

Os límites máximos de residuos de praguicidas regúlanse, para os produtos de orixe vexetal e animal, polo Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que

se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, modificado por última vez polo Real decreto 198/2000, do 11 de febreiro, e polo Real decreto 569/1990, do 27 de abril, relativo á fixación de contidos máximos de residuos de praguicidas sobre e nos produtos de orixe animal, modificado por última vez polo Real decreto 1800/1999, do 26 de novembro, respectivamente. Así mesmo, de conformidade coas disposicións derradeiras primeiras de ambos os reais decretos, os anexos foron sucesivamente actualizados.

A Directiva 2004/2/CE, da Comisión, do 9 de xaneiro de 2004, fixou novos límites máximos de residuos de fenamifos en determinados produtos de orixe vexetal, incluídas as froitas e hortalizas, en cereais e nos produtos alimenticios de orixe animal, por modificación dos anexos das directivas 86/362/CEE, 86/363/CEE e 90/642/CEE, do Consello.

Por outro lado, a corrección de erros da Directiva 2003/60/CE da Comisión, do 18 de xuño de 2003, publicada no Diario Oficial da Unión Europea do 21 de xaneiro de 2004, motivou a necesidade de modificar os límites máximos de residuos establecidos no anexo I da Orde PRE/3058/2003 para a substancia activa dicuat. Os erros detectados nas substancias activas famoxadona e iprovalicarb xa foran corrixidos na Orde PRE/3058/2003.

Atendendo á necesidade de incorporar ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2004/2/CE e adaptar as correccións da Directiva 2003/60/CE, modifícase, por un lado, o anexo II do Real decreto 280/1994, conforme o establecido na súa disposición derradeira primeira, unha vez elevada, pola Comisión Conxunta de Residuos de Produtos Fitosanitarios aos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo a oportuna proposta de modificación. Así mesmo, modifícase o anexo II, do Real decreto 569/1990, de conformidade coa súa disposición derradeira primeira na redacción dada polo Real decreto 2460/1996, do 2 de decembro.

No procedemento de elaboración das disposicións afectadas foron consultados os sectores afectados e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, despois do informe favorable da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, por proposta conxunta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo primeiro. Modificación do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro.

Modifícase o anexo II do Real decreto 280/1994, coa substitución dos límites máximos de residuos que nel figuran para as substancias activas dicuat e fenamifos, que figuran no anexo I desta orde.

Artigo segundo. Modificación do Real decreto 569/1990, do 27 de abril.

Modifícase a parte B do anexo II do Real decreto 569/1990, do 27 de abril, coa inclusión dos límites máximos de residuos de praguicidas para a substancia activa fenamifos, que figuran no anexo II desta orde.

Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a, da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.